

Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 27 de abril de 2023, (DOG 10.05.2023) para cubrir 1 praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (análise instrumental), grupo II, pola quenda de promoción interna.

Reunido o día 20 de novembro de 2023 o Tribunal das probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (análise instrumental), grupo II, pola quenda de promoción interna, do cadro de persoal laboral, da Universidade de Santiago de Compostela (resolución reitoral do 27 de abril de 2023, DOG 10.05.2023), de cara a realización do 2º exercicio, atendendo á disposición da convocatoria que establece que “*Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección*”, e considerando que as previsións da convocatoria para a realización do segundo exercicio son as seguintes:

“Segundo exercicio: obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 120 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao programa que se relaciona no anexo II. O tempo para a súa realización será de 125 minutos e a súa valoración de 0 a 25 puntos.”

ACORDA publicar as seguintes **instrucións e criterios de corrección**:

1. A persoa aspirante deberá ir provista de DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de lapis e goma de borrar.
2. Non se permitirá o acceso á sala na que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
3. A folla de exame (formulario de respostas) é de uso xeral na Universidade. Neste exame só deberán de marcar dende o número 1 ao 125, que se corresponden co número de preguntas máis cinco de reserva. As respostas que deberá marcar son as correspondentes ás letras A, B ou C, que son as tres opcións que figuran para cada unha das preguntas.
4. As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de resposta que estea en poder do tribunal, non computan. As repostas incorrectas non computarán negativamente.
5. As preguntas de reserva, numeradas de 121 a 125, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre delas.

Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 27 de abril de 2023, (DOG 10.05.2023) para cubrir 1 praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (análise instrumental), grupo II, pola quenda de promoción interna.

6. Rematado o exame, a persoa aspirante poderá levar o caderno de preguntas e a folia autocopiativa do formulario de respostas (con valor meramente informativo). O tribunal fará público un documento coas respostas correctas na páxina web das convocatorias de PAS da USC (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>), lugar onde se farán públicas.

Consonte coa base 7.2 da convocatoria as persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización de cada exercicio, para presentar **reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal no correspondente exercicio.**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal

Verónica Piñeiro Gómez

- Taboleiro electrónico da sede electrónica USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>)
- Páxina web das convocatorias de PAS da USC (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>)
- Lugar de realización do 2º exercicio: sala de reunións da primeira planta do Edificio CACTUS-LUGO

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VERONICA PIÑEIRO GOMEZ, NIF ***0627**, 21/11/2023 09:00:03.

CSV: BA12-93B1-4B55-BA3B